



Criterios de elaboración de horarios e agrupamento.

A elaboración dos horarios de alumnado e profesorado vese condicionada polos recursos dispoñibles en persoal e espazos, tendo en conta ademais os seguintes criterios:

- Distribuír as materias ao longo da semana.
- Non coincidencia de tres materias de menor asignación horaria na mesma xornada.
- Utilización dos espazos compartidos entre etapas: ximnasio, pavillón, aulas específicas, biblioteca...
- Recollida e entrega por parte das titorías nos cursos con alumnado de menor idade.
- Impartir como mínimo unha especialidade por día e non coincidencia en días consecutivos da mesma especialidade.
- Compensación de carga lectiva directa na aula entre o profesorado para que non haxa grandes diferenzas.
- Profesorado de garda en todas as sesións.
- O abano de optativas (determina os agrupamentos en Ed. Secundaria).
- Atender ás peticións feitas polo profesorado, na medida do posible.

Ábrese a opción a que o profesorado do ámbito ou aquel que así o considere poida solicitar horas seguidas da materia/ámbito para un mellor aproveitamento do alumnado.

En canto aos criterios para a formación de grupos establécense os seguintes:

- Número equilibrado de alumnado por grupo-clase atendendo ás súas características.
- Reparto equitativo por xénero.
- Mellor atención ao alumnado con dificultades, características propias, repetidor...
- Relacións entre compañeiros de clase.
- Conveniencia de manter ou separar a irmáns.

Criterios aprobados na reunión do Claustro do 05 de xuño de 2025.